

***CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E  
INDUSTRIA***

***SECCIÓN 10***



---

## **1. COMPETENCIAS**

---

O Decreto 232/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, estrutura a Consellería de Innovación e Industria, para o desempeño das súas funcións, nos seguintes órganos superiores:

1. Secretaría Xeral.
2. Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.
3. Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas.
4. Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información.
5. Dirección Xeral de Comercio e Consumo.
6. Dirección Xeral de Turismo.
7. Delegacións provinciais.

Como organismo autónomo ten adscrito o Instituto Galego de Consumo, creado pola Lei 8/1994, do 30 de decembro, que exerce funcións específicas en materia de defensa e protección do consumidor e usuario en Galicia, tendo como fins os que se enumeran no artigo 3 da dita lei, correspóndenlle tamén as mesmas funcións no ámbito de inspección, vixilancia do mercado e de mediación e arbitraje.

Como ente público, ten adscrito o Instituto Enerxético de Galicia creado pola Lei 3/1999, do 11 de marzo, que ten como misión principal conquistar a óptima xestión dos recursos enerxéticos nos distintos sectores económicos de Galicia.

Como sociedades mercantís dependentes da Consellería de Innovación e Industria existen:

1. A sociedade anónima Galicia Calidade, que ten por obxecto a administración e xestión en xeral da marca de garantía “Galicia Calidade”, e en particular, o outorgamento de licencias da marca, exercendo medidas de control eficaces sobre a natureza, calidade e características dos produtos elaborados ou distribuídos coa marca de garantía “Galicia Calidade”.

2. A sociedade anónima de Xestión do Plan Xacobeo, que ten como obxecto social o deseño, a programación, a coordinación e, no seu caso, a realización das actividades relacionadas co “Xacobeo”, como un dos principais produtos turísticos de Galicia, que se realizarán, se é o caso, en coordinación coas administracións públicas competentes.
3. A Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A. (Turgalicia) ten como obxecto social a realización, entre outras, das seguintes actividades: promoción da oferta turística de Galicia, fomento e impulso das actividades do sector turístico para a promoción do turismo galego, establecemento de convenios e concertos con institucións públicas e privadas para a promoción turística, así como a creación e funcionamento do Centro Superior de Hostalaría.

A Consellería de Innovación e Industria afronta o exercicio 2006 cunha estrutura orgánica totalmente renovada, que responde á necesidade dunha redistribución funcional máis acorde coas prioridades e obxectivos establecidos polo novo goberno para esta lexislatura.

Entre as modificacións máis salientables con respecto á estrutura orgánica da antiga Consellería de Innovación, Industria e Comercio, compre destacar:

1. A incorporación á consellería das competencias da Xunta de Galicia en materia de turismo, que se exercerán a través dunha nova dirección xeral, a Dirección Xeral de Turismo, que se incorpora á Consellería de Innovación e Industria provinte da antiga Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, e das sociedades de Imaxe e Promoción Turística de Galicia (Turgalicia) e de Xestión do Plan Xacobeo.
2. Compre subliñar que por primeira vez se incorpora a Sociedade Anónima de Xestión do plan Xacobeo dentro do programa 651A, reforzándose deste xeito o programa de “Ordenación, promoción, xestión e fomento do turismo”, cunha dotación inicial para 2006 de 72.546.222 €.

Os demais cambios operados na estrutura orgánica da consellería teñen que ver cunha redistribución entre os distintos órganos directivos das competencias e funcións que xa viña exercendo a antiga Consellería de Innovación, Industria e Comercio durante o exercicio 2005. De entre estes cambios destacamos os seguintes:

1. A creación da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, que substitúe á anterior Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento, e que integra nun único órgano directivo as políticas públicas da Xunta de Galicia sobre os tres compoñentes do sistema galego de ciencia e tecnoloxía .
2. A aposta firme e decidida do goberno galego polo fortalecemento das políticas de I+D+i determina o forte crecemento do orzamento desta dirección xeral, que representa o 35,32% do total do orzamento consolidado da consellería, e presenta un crecemento do 16,16% en termos homoxéneos respecto ao do exercicio 2005.
3. A nova Dirección Xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información substitúe á anterior Dirección Xeral de Tecnoloxía e Desenvolvemento Sectorial, asumindo boa parte das competencias e funcións desa dirección xeral e incorporando as competencias da consellería en materia de comercio exterior, que viñan sendo desenvolvidas pola Dirección Xeral de Comercio e Consumo. Esta distribución competencial permite unha maior especialización deste órgano directivo nas funcións de desenvolvemento sectorial, apoio ás empresas e fortalecemento da súa presenza nos mercados exteriores ao tempo que lle vai permitir dar maior relevancia ao desenvolvemento da sociedade da información en Galicia, que conta cunha subdirección xeral específica na nova estrutura orgánica da consellería.
4. A Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas non experimenta cambios na súa estrutura, se ben no exercicio 2006 se introduce unha racionalización na xestión dos programas de fomento de enerxías renovábeis, evitando duplicidades entre o Inega e a dirección xeral.

5. A Dirección Xeral de Comercio e Consumo, non experimentan cambios na súa estrutura máis que os xa sinalados anteriormente, que obedecen á redistribución de competencias entre os órganos directivos da consellería.

---

## **2. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2006**

---

### **2.1 DA CONSELLERÍA**

De acordo cos obxectivos prioritarios establecidos polo goberno galego en materia de política económica, a Consellería de Innovación e Industria establece como as súas principais liñas de acción para o exercicio 2006 as seguintes:

1. A potenciación das políticas de investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i), que experimentan un crecemento en termos agregados do 16% con respecto ao exercicio 2005.
2. Este crecemento constitúe un primeiro paso para situar a Galicia nos niveis de investimento da Unión Europea en I+D+i respecto do PIB, e deberá manterse e mesmo intensificarse ao longo da presente lexislatura para acelerar o proceso de converxencia.
3. O impulso ao desenvolvemento da sociedade da información en Galicia, cun importante esforzo no desenvolvemento das infraestruturas e na difusión da sociedade da información, co obxectivo de superar o chamado “gap” tecnolóxico e achegar a banda ancha e os servizos da sociedade da información a toda a poboación galega.
4. O fomento das enerxías renovables, a redución da dependencia enerxética e a mellora da calidade no subministro eléctrico ás empresas e aos fogares galegos, con especial atención á mellora da distribución no medio rural.
5. A potenciación do pequeno comercio e a mellora dos servizos de información e protección ao consumidor constitúen obxectivos prioritarios da Consellería de Innovación e Industria en materia de comercio e consumo para o exercicio 2006.

6. A promoción dunha nova imaxe turística de Galicia e o reforzo da oferta turística galega tanto nos mercados peninsulares como nos mercados europeos mais próximos.

Para a consecución destes obxectivos, a Consellería de Innovación e Industria executará os créditos correspondentes aos seguintes programas:

- 441A “Elaboración e difusión estatística”.
- 621A “Dirección e servizos xerais de Industria”.
- 622A “Actuacións administrativas sobre a industria”.
- 432A “Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica”.
- 432B “Investigación universitaria”.
- 631A “Uso racional da enerxía e enerxías renovables”.
- 631B “Infraestruturas enerxéticas”.
- 641A “Fomento da minaría”.
- 711C “Apoio á artesanía”.
- 712B “Apoio á modernización empresarial e mellora da competitividade nos sectores industriais e de servizos”.
- 513B “Ordenación, información e defensa do consumidor.”.
- 521A “Regulación do comercio interior e da política de prezos”.
- 651A “Ordenación, promoción, xestión e fomento do turismo”.

## 2.2 DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

### *INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO*

O presente orzamento, enmárcase dentro dunha serie de obxectivos a máis longo prazo e que perseguen unha profunda transformación do panorama de defensa do consumidor en Galiza.

Entre os obxectivos a acadar para o ano que ven, atópanse os seguintes:

1. A creación das bases que permitan configurar unha rede de axentes de defensa do consumidor, baseada na coordinación e cooperación. Dentro da rede, integraranse as administracións de consumo (autonómica e local) e os axentes sociais, especialmente as organizacións de consumidores.
2. Unha maior vertebración territorial dos servizos públicos que se ofertan aos cidadáns/ás (en canto consumidores) co fin de conseguirmos que todos os galegos/as, teñan acceso a eles.
3. Establecemento das bases para lograr unha maior profesionalización dos funcionarios das administracións de consumo e dos cadros técnicos das organizacións de consumidores.
4. Potenciación da formación e educación do consumidor, de maneira especial, dos colectivos vulnerables e excluídos socialmente.
5. Maior acceso dos consumidores á Xustiza a través da potenciación da mediación, así como da consolidación do sistema arbitral de consumo.
6. Maior información e transparencia en materia de consumo de cara a cidadanía.
7. Maiores garantías para os consumidores en materia de seguridade dos produtos ofertados.

O instituto conta para o exercicio 2006 cun orzamento de 6.529.441 euros, o que supón un incremento do 9,3 % respecto ao do ano anterior.

O orzamento de explotación do IGC, ascende a 4.916.113 euros. Esta cantidade ten dúas fontes de financiamento: 4.723.113 euros financiaranse con cargo á transferencia corrente concedida pola Consellería de Innovación e Industria e 193.000 euros corresponden aos ingresos propios do IGC.

Con estes recursos cubriranse os gastos de persoal e funcionamento do IGC, así como as transferencias correntes que xestiona este organismo.



O orzamento de capital, ascende a 1.613.328 euros e con este crédito realizarase a promoción e fomento de entidades públicas e privadas, no ámbito de defensa do consumidor, e o resto de actuacións contidas no programa 513B “Ordenación, información e defensa do consumidor” que se detallan máis adiante.

## 2.3 DAS SOCIEDADES PÚBLICAS

### 2.3.1 Entes de dereito público

#### *INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA*

O Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) foi creado pola Lei 3/1999, do 11 de marzo, do Parlamento de Galicia, desenvolvida polo Decreto 280/1999, do 4 de novembro, que aproba o seu regulamento de organización e funcionamento. A configuración legal do Inega é a de ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio propios e a súa finalidade é “o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora de aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional da enerxía e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos nos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, se é o caso, de servizos noutros campos sinérxicos ao enerxético, de acordo coas directrices do Goberno no ámbito das súas competencias”.

A actividade do Inega, tal e como se determina na súa lei de creación, abrangue dúas áreas fundamentais: estudo, proposta e, se é o caso, execución de programas enerxéticos que competen á consellería competente en materia de enerxía, por unha banda, e, pola outra, realización de actividades e prestación de servizos directamente

destinados á sociedade galega, que inclúen funcións de asesoramento, formación e información sobre a actual realidade enerxética, tremendamente cambiante, ás posibles decisións que, ao respecto, afrontan empresas e cidadáns e as súas consecuencias. Este tipo de actividades inciden especialmente no ámbito do aforro e a eficiencia enerxética e do fomento das enerxías renovables.

Os principais obxectivos do Inega para o exercicio 2006 son os seguintes:

1. Plan de mellora da información enerxética.
2. Desenvolvemento das enerxías renovables.
3. Fomento do uso racional da enerxía.
4. Difusión das enerxías renovables e realización de campañas de fomento do aforro e a eficiencia enerxética.
5. Desenvolvemento do programa formativo en materia enerxética.
6. Mellora dos procedementos internos de xestión.

### 2.3.2 Sociedades mercantís

#### *GALICIA CALIDADE, S.A.*

A Sociedade Galicia Calidade, S.A. é o instrumento a través do que se operativiza a acción Galicia calidade. Estes son os aspectos nos que se debe centrar a actuación desta organización:

1. En primeiro lugar, creación de imaxe da marca para conseguir:
  - A) Que o mercado se sensibilice da necesidade de demandar produtos e/ou servizos de calidade contrastada.
  - B) Que as empresas perciban que o uso da marca Galicia calidade é un instrumento para acreditarse como subministradora dun nivel alto de calidade.
2. En segundo lugar, Galicia Calidade, S.A. pode prestar servizos ás empresas usuarias da marca en termos de colaboración na promoción no estranxeiro, publicidade compartida.

Para acadar estes obxectivos, Galicia Calidade, S.A., debe potenciar e promocionar a marca dentro do mercado e posicionarse como un elemento ao servizo do consumidor que lle asegura que as empresas autorizadas responden a niveis altos de calidade.

Galicia Calidade, S.A. no ano 2006, aumentará, de forma sólida, a súa carteira de clientes, outorgando novas licencias de uso da marca, e procurando o mantemento baixo a marca de garantía aos usuarios actuais.

O orzamento para o ano 2006 elabórase tendo en conta os ingresos estimados pola propia actividade, os ingresos procedentes das transferencias correntes e de capital e os ingresos patrimoniais xerados polos intereses de contas bancarias e outros ingresos financeiros.

As actuacións previstas para o ano 2006 irán encamiñadas a dar un coñecemento do verdadeiro sentido da marca aos consumidores con accións mais directas e de maior contido. Buscando sempre posicionar e asociar a marca a valores de prestixio, calidade e seguridade por parte dos consumidores nacionais.

### *XESTIÓN DO PLAN XACOBEO, S.A.*

Para a consolidación e mantemento do Xacobeo como un dos principais produtos turísticos de Galicia cómpre continuar o labor de manter os camiños de Santiago como un dos principias referentes culturais da nosa Comunidade Autónoma, co impacto que isto supón na economía de Galicia. Deste xeito, a compañía buscará:

Manter a Galiza como destino cultural e turístico a nivel nacional e internacional, tentando non xa manter senón incrementar o numero de visitantes de xeito que a diferenza entre os anos santos e os que non o son sexa cada ano máis reducida.

A tal efecto, a sociedade ten previsto manter o Plan de comunicación e promoción dos Camiños de Santiago en particular, e de Galiza en xeral, con accións tales como: a asistencia, en coordinación coa Sociedade para Imaxe e Promoción Turística de Galicia,

Turgalicia S.A., ás principais feiras de turismo, distribuindo información exhaustiva dos camiños e de Galicia; o mantemento do portal de Internet como referente básico do visitante, con información permanentemente actualizada; o incremento do acervo de publicacións xacobeas; a promoción da actividade congresual, etc...

Como complemento, a sociedade ten previsto implementar un programa cultural, que se ben, non sendo Ano Santo, non será intensivo, si contribuirá á elección de Galiza como destino turístico e a difusión da nosa cultura. Buscarase ofertar aos visitantes, dentro das lóxicas limitacións orzamentarias, actividades de todas as disciplinas, de xeito que sirvan tamén como elemento de dinamización cultural.

Por outra banda, e como non podería ser doutro xeito, prestarase especial atención aos camiños como elemento soporte básico do fenómeno Xacobeo. Deste xeito, continuarase co programa de infraestruturas, ampliando selectivamente a rede de albergues e mellorando a existente reflexionando sobre eles e contribuírse á recuperación do patrimonio, histórico e etnográfico, vencellado aos camiños, á súa sinalización, etc..., priorizando de xeito especial a recuperación medioambiental e paisaxística con accións novidasas.

#### *SOCIEDADE DE IMAXE E PROMOCIÓN TURÍSTICA DE GALICIA, S.A. TURGALICIA.*

O turismo non é unha actividade de economía fácil e por isto é necesario planificar e fuxir de calquera modelo turístico baseado no curto prazo, que aporta beneficios nos anos inmediatos da actividade nos que xera uns ingresos que irán necesariamente decrecendo.

Transformar a actividade turística nun eixe efectivo de desenvolvemento e acadar que as empresas turísticas sexan eficaces e teñan taxas de crecemento e rendabilidade importantes, require dunha seria acción de márketing planificada e xestionada profesionalmente.

Os obxectivos de márketing para acadar unha actividade turística na nosa comunidade sostida e sostible son:

1. Distribuír o turismo que recibe Galicia no tempo e no espazo.
2. Incrementar o nivel de gasto medio do visitante, potenciando os segmentos de maior poder de gasto (termalismo, turismo profesional, golf, etc.).
3. Incrementar a estancia media potenciando produtos máis completos e con maior oferta de lecer.
4. Fomentar a colaboración público-privada en investimentos de desenvolvemento conxunto da promoción.
5. Fomentar o aumento da calidade dos bens e servizos ofertados.
6. Apostar pola fidelización. É necesario pasar de centrarse na adquisición de novos clientes á fidelización dos actuais. É preciso entrar de cheo no márketing relacional.
7. Sensibilizar á poboación galega en materia de cultura turística (acolida do visitante, beneficios económicos e sociais do turismo, coidado do entorno, etc.).

Para acadar estes obxectivos será preciso desenvolver unha estratexia xeral de promoción e comunicación turística que, paralela a unha ordenación adecuada do produto, logre posicionar Galicia como un destino turístico de prestixio, cunha imaxe de marca forte, definida e recoñecida.

Esta nova estratexia supón a posta en marcha dunha serie de accións claves:

1. A difusión da primeira marca turística de Galicia.
2. Liderato dun novo concepto turístico: o turismo atlántico.
3. Emprego dunha nova reagrupación conceptual da oferta baixo novas terminoloxías: turismo de auga, turismo de descanso, etc.
4. Apostar por involucrar os sectores empresariais de prestixio da comunidade para a comunicación da imaxe turística de Galicia, potenciando unha mensaxe baseada no estilo de vida galego.

Segundo estas reflexións, Turgalicia marcouse os seguintes retos para o ano 2006:

1. Comunicar Galicia ao público final como destino de prestixio baixo a súa primeira marca turística.
  - A) A través dos medios de comunicación.
  - B) A través de accións dirixidas directamente ao público final.
  - C) A través de accións de promoción dirixidas ao público e/ou intermediarios.
2. Comunicar Galicia como destino de prestixio baixo a súa primeira marca turística aos intermediarios e ao sector turístico galego.
3. Dar a coñecer o labor de Turgalicia e a súa nova identidade corporativa entre a poboación galega.
4. Actualizar os soportes de información turística.
5. Sensibilizar á poboación galega en materia de cultura turística.
6. Mellorar a calidade da oferta turística de Galicia.
7. Premiar a fidelidade dos turistas que visitan Galicia ano tras ano.
8. Liderar a identificación de Galicia como destino turístico con marcas, termos e produtos tótem que xeren unha notoriedade positiva como destino:
  - A) Turismo atlántico.
  - B) Cociña atlántica.
  - C) Camiño de Santiago.
  - D) Cidade da cultura.
  - E) Turismo de descanso.
  - F) Turismo de auga.
  - G) Cidades de Galicia. Centros históricos de Galicia.
9. Reforzar a promoción e consolidación doutros produtos turísticos de Galicia:
  - A) Turismo profesional.
  - B) Turismo de golf.
  - C) Turismo idiomático.
  - D) Turismo familiar.
10. Coñecer a realidade turística de Galicia.

### 3. ORZAMENTO DE GASTOS PARA O ANO 2006

#### 3.1 DISTRIBUCIÓN FUNCIONAL. PROGRAMAS DE GASTO

##### 3.1.1 Da Consellería.

Para o desenvolvemento das súas competencias, a Consellería de Innovación e Industria conta cun orzamento consolidado de 308.601.683 € para o exercicio 2006, o que significa un crecemento de 21.348.712 € en termos absolutos e do 8,57% en termos relativos respecto dos orzamentos homologados do exercicio 2005, distribuídos entre os seguintes programas de gasto:

PROGRAMAS	IMPORTES
441A. Elaboración e difusión estatística.	64.690,00 euros.-
621A. Dirección e servizos xerais de Industria.	4.469.514,00 euros.-
622A. Actuacións administrativas sobre a industria.	12.902.020,00 euros.-
432A. Plan Galego de Investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica.	56.235.497,00 euros.-
432B. Investigación universitaria.	29.241.225,00 euros.-
631A. Uso racional da enerxía e enerxía renovable.	10.070.000,00 euros.-
631B. Infraestruturas enerxéticas.	13.563.000,00 euros.-
641A. Fomento da minaría.	4.650.003,00 euros.-
711C. Apoio á artesanía.	3.627.180,00 euros.-
712B. Apoio á modernización empresarial e mellora da competitividade nos sectores industrial e de servizos.	63.675.323,00 euros.-
513B. Ordenación, información e defensa do consumidor.	6.529.441,00 euros.-
521A. Regulación do comercio interior e da política de prezos.	31.027.568,00 euros.-
651A. Ordenación, promoción, xestión e fomento do turismo.	72.546.222,00 euros.-

## **PROGRAMA 441A. ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTADÍSTICA**

### **1. Descrición.**

Este programa ten por obxecto desenvolver as operacións estatísticas que por razón da materia lle sexan encomendadas polo Instituto Galego de Estatística, e que figuran no Programa estatístico anual do plan galego de estatística.

### **2. Actividades.**

Contribución á confección e publicación de estatísticas no ámbito de competencias da consellería.

### **3. Órgano encargado da súa execución.**

Secretaría Xeral.

## **PROGRAMA 621A. DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE INDUSTRIA**

### **1. Descrición.**

1. Permitir o funcionamento operativo dos servizos centrais administrativos.
2. Realizar unha actividade de fomento do interese sociocultural.
3. A modernización dos procesos de información.
4. Facilitar o control da xestión.

### **2. Actividades.**

1. Remuneración do persoal.
2. Gastos correntes en bens e servizos.
3. Mellorar a rede de sistemas de información.

### **3. Órgano encargados da súa execución.**

Secretaría Xeral.



## **PROGRAMA 622A. ACTUACIÓN S ADMINISTRATIVAS SOBRE A INDUSTRIA**

### **1. Descrición.**

O obxectivo deste programa é planificar, coordinar, xestionar e mellorar as actuacións en materia de administración e seguridade industrial así como de metroloxía e laboratorios oficiais.

### **2. Actividades.**

1. Apoio á mellora das infraestruturas nos polígonos industriais en dous ámbitos complementarios de actuación: concellos e asociacións e institucións sen ánimo de lucro.
2. Apoio a empresas en materia de seguridade industrial a través de axudas en réxime de concorrencia competitiva.
3. Apoio á renovación de instalacións de gas a través dun convenio coa empresa Gas Galicia, a través do que se efectuaría un desconto ao propietario das instalacións que se renovan e que cumpran as condicións fixadas na convocatoria.
4. Actuacións de coordinación en materia de seguridade e administración industrial.
5. Achega de capital para a posta en funcionamento da institución que xestionará o túnel do frío.
6. Garantir o funcionamento operativo dos servizos periféricos administrativos.

### **3. Órganos encargados da súa execución.**

Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas.

Secretaría Xeral.

## **PROGRAMA 432-A PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA**

### **1. Descrición.**

Este programa está orientado ao establecemento de medidas incentivadoras para a realización de proxectos de investigación e desenvolvemento tecnolóxico no tecido industrial galego, así como á mellora e dotación da infraestrutura tecnolóxica existente na nosa Comunidade Autónoma.

### **2. Actividades.**

1. Axudas para a industrialización de proxectos de I+D, como medida complementaria do fomento da innovación empresarial.
2. Potenciación dos servizos e infraestruturas tecnolóxicas dependentes da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.
3. Axudas ao desenvolvemento de proxectos de investigación e desenvolvemento tecnolóxico.

### **3. Órgano encargado da súa execución.**

Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.

## **PROGRAMA 432B. INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA**

### **1. Descrición.**

Este programa contempla as actuacións que orientadas ao fomento da investigación científica e ao desenvolvemento tecnolóxico se van realizar nas universidades do sistema universitario de Galicia e que están encadradas dentro do Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica (PGIDIT).

## 2. Actividades.

1. Axudas para realización de congresos e reunións científicas en Galicia.
2. Convenios de colaboración coas universidades para a concesión de bolsas aos seus investigadores así como para a contratación de novos investigadores, destacando neste senso o programa Isidro Parga Pondal orientado a contratación de xoves investigadores.
3. Potenciación dos servizos xerais, institutos de investigación e laboratorios de investigación das universidades mediante a adquisición de infraestruturas científicas.
4. Axudas para a realización de proxectos de investigación tanto no ámbito da investigación básica como nos diferentes programas sectoriais do Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica.
5. Fondo de apoio as universidades para actividades de investigación.

## 3. Órgano encargado da súa execución.

Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación.

## **PROGRAMA 631A. USO RACIONAL DA ENERXÍA E ENERXÍA RENOVABLE**

### 1. Descrición.

Este programa ten un dobre obxectivo:

1. Potenciar na sociedade o uso racional da enerxía , sobre todo, no ámbito empresarial e na administración,
2. Diminuír a dependencia de enerxías externas, a través do desenvolvemento de recursos enerxéticos renovables dispoñibles dentro do territorio galego.

### 2. Actividades.

1. Apoio ao labor do Instituto Enerxético de Galicia a través da cobertura de gastos correntes e de capital.

2. Apoio ao uso racional da enerxía nos concellos e nas empresas.
3. Liñas de axudas para o desenvolvemento de enerxías renovables orientadas ao ámbito doméstico e ás organizacións. Dentro destas axudas daráselle especial tratamento ao fomento da enerxía solar.

**3. Órgano encargado da súa execución.**

Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas.

**PROGRAMA 631B. INFRAESTRUTURAS ENERXÉTICAS**

**1. Descrición.**

O obxectivo central deste programa céntrase na mellora das infraestruturas de gas e electricidade na Comunidade Autónoma: extensión da rede de gas, accións sobre a calidade do subministro eléctrico no medio rural, instalacións eléctricas municipais, soterramento e desvío de liñas eléctricas e centros de transformación, etc..

**2. Actividades.**

1. Apoio á creación, extensión e mellora da iluminación pública.
2. Apoio á adecuación de instalacións eléctricas a través de modificacións de trazado ou soterramento de liñas en zonas específicas de carácter habitado ou de especial interese natural ou cultural.
3. Desenvolvemento do Plan de mellora da calidade do subministro eléctrico en contornos rurais e do Plan de tarifa eléctrica.
4. Desenvolvemento da rede de distribución de gas natural na Comunidade Autónoma.
5. Accións de mellora e extensión de instalacións de gas propano en núcleos de poboación con dificultades para a subministración de gas natural.

**3. Órgano encargado da súa execución.**

Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas.

## **PROGRAMA 641A. FOMENTO DA MINARÍA**

### **1. Descrición.**

O obxectivo básico deste programa é o fomento da minaría en xeral concretado nos seguintes aspectos:

1. Creación e mellora da xestión de infraestruturas de apoio mineiro, con especial fincapé naquelas que supoñan a mellora das condicións de seguridade e hixiene na minaría galega,
2. Potenciación da sustentabilidade das explotacións a través da recuperación de terreos afectados por antigas explotacións mineiras e de ordenación de entulleiras.

### **2. Actividades.**

1. Potenciación de proxectos empresariais orientados á mellora dos niveis en materia de seguridade e saúde nas empresas mineiras.
2. Colaboración co sector do granito e da lousa a través do apoio financeiro ás fundacións dos centros tecnolóxicos que operan na actualidade.
3. Inventario e realización de labores de recuperación de terreos afectados por antigas explotacións mineiras, ocos de explotación e entulleiras.
4. Actuacións de fomento de actividades e proxectos presentados polas asociacións do sector mineiro.

### **3. Órgano encargado da súa execución.**

Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas.

## **PROGRAMA 711C. APOIO Á ARTESANÍA**

### **1. Descrición.**

Este programa dedicarase a mellorar os medios técnicos das unidades artesáns e a formación artesanal, así como as accións encamiñadas á promoción, comercialización e divulgación da artesanía galega e á potenciación das infraestruturas de apoio á artesanía.

## 2. Actividades.

1. Axudas a artesáns e talleres para a construción e adecuación de talleres, a adquisición de medios produtivos e material informático, ferramentas de apoio á comercialización, asistencia a feiras e o fomento da formación e da inserción laboral.
2. Construción e posta en marcha do Centro Galego da Artesanía e do Deseño de Galicia para a realización de actividades de formación, divulgación, difusión, traballos técnicos, documentación, xestión administrativa e promoción.
3. Potenciación do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.
4. Actuacións en materia de artesanía destinadas ao fomento das técnicas de deseño aplicadas ás producións artesanais.
5. Accións de potenciación da identidade corporativa asociada á marca Artesanía de Galicia.

## 3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información.

Delegacións provinciais.

## **PROGRAMA 712B. APOIO Á MODERNIZACIÓN EMPRESARIAL E MELLORA DA COMPETITIVIDADE NOS SECTORES INDUSTRIAL E DE SERVIZOS**

### 1. Descrición.

Este programa destinarase fundamentalmente á potenciación e desenvolvemento da sociedade da información, así como a actuacións de promoción industrial, cooperación empresarial e comercio exterior, xogando un papel fundamental o impulso da calidade e da mellora nos sistemas de xestión das empresas, e o incremento do seu nivel de internacionalización.

## 2. Actividades.

1. Mellorar as infraestruturas de banda ancha con diversidade de redes e tecnoloxías de maneira que se incremente a existencia de accesos e conectividade de calidade para o usuario final.
2. Instalacións de tecnoloxía Wi-fi en centros públicos da Administración ou centros dela dependentes, que se financiará coa contribución do FEDER e, contribuíndo así á eliminación de barreiras de acceso físico e incrementando a posibilidade de explotación dos recursos e servizos existentes.
3. Posta en marcha dun plan de dinamización da sociedade da información que contemple a formación a cidadáns e a empresas mediante formación presencial e formación on-line, atendendo prioritariamente ás zonas rurais e aos colectivos que teñen maior risco de exclusión dixital.
4. Incrementar a oferta de servizos aos cidadáns que sexan de calidade e sobre todo que sexan de utilidade desde a Administración autonómica e con apoio aos servizos da Administración local.
5. Axudas para a incorporación do tecido empresarial á sociedade da información, con atención prioritaria para as pequenas e medianas empresas e facendo tamén especial fincapé no apoio ao desenvolvemento de factorías de software libre.
6. Axudas para mellorar a accesibilidade de colectivos desfavorecidos, con especial atención aos colectivos con minusvalías.
7. Fomento de actividades industriais e de servizos ás empresas galegas, posta en práctica de plans de actuación estratéxicos para fortalecer a súa internacionalización, xogando neste ámbito de cooperación un papel fundamental o apoio aos clúster dos sectores estratéxicos.
8. Dentro do marco de apoio aos clúster e á cooperación entre eles, realizarase un programa de coordinación para favorecer a creación de infraestruturas tecnolóxicas de apoio sectorial local.
9. Desenvolvemento dun observatorio empresarial de apoio horizontal, para a promoción do desenvolvemento socioeconómico das empresas galegas.

10. Impulso nas organizacións galegas dunha estratexia de excelencia empresarial, promovendo a utilización de modelos avanzados de xestión, mellorando as capacidades dos recursos humanos, fomentando a responsabilidade social corporativa, cun programa de mellora do contorno socioempresarial de servizos, e poñendo en práctica un programa de observación para coñecer o estado e despregamento da calidade e as súas ferramentas.
11. Impulso da imaxe da calidade de Galicia e das súas empresas, persoas, produtos e servizos no exterior, recoñecendo e difundindo as mellores prácticas das nosas organizacións, e tendo unha presenza de Galicia nos foros, feiras, congresos e contornos máis competitivos e esixentes desde onde se poidan producir intercambios e desenvolvementos de interese.
12. Achegas destinadas a PYMAR (pequenos e medianos estaleiros, sociedade de reconversión), para complementar o afianzamento do crédito aos armadores para a construción de buques en Galicia para Camerún ata 2006, así como para atender o custo empresarial dos axustes laborais previstos nos estaleiros privados galegos (2003-2006), e para a suplementación da capacidade de afianzamento do Fondo patrimonial de garantías de PYMAR para os contratos dos estaleiros galegos membros deste (2002-2006).
13. Achegas á Xerencia do sector naval, para cofinanciar os programas de formación na industria auxiliar do sector naval que desenvolve en colaboración co clúster do naval galego.
14. Plan de fomento das exportacións galegas (Foexga), co obxecto de establecer unha unidade de acción dirixida a estimular as exportacións e o crecemento das empresas galegas no exterior (misións comerciais, encontros empresariais, feiras, seminarios, bolsas no exterior, etc.).
15. Plan de iniciación á promoción exterior (Pipe), participando nun programa a nivel estatal con outras comunidades autónomas, o ICEX e as cámaras de comercio, para a iniciación das Pemes na actividade exportadora, ofertando servizos de apoio e asistencia técnica especializada nas primeiras fases de comercialización exterior.



16. Programa de seguimento Pipe, encamiñado a acadar que as Pemes que participaron no dito plan se consoliden e afiancen como empresas exportadoras estables, cun programa que favorece a implantación dos produtos e marcas nos mercados exteriores.
17. Desenvolvemento de plans de formación sobre comercio exterior, co obxecto de formar técnicos especializados nesta materia que contribúan a desenvolver o proceso de internacionalización das empresas galegas.

### 3. Órganos encargados da súa execución

Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información.

Delegacións Provinciais da Consellería de Innovación e Industria.

## **PROGRAMA 513B. ORDENACIÓN, INFORMACIÓN E DEFENSA DO CONSUMIDOR**

### 1. Descrición.

A través do programa 513B atenderase o funcionamento operativo dos servizos centrais e periféricos do Instituto Galego de Consumo como son os gastos de persoal e os gastos correntes.

Por outra banda, o programa permitiranos realizar unha serie de actuacións, co fin de acadarmos os obxectivos enumerados anteriormente.

### 2. Actuacións.

1. Modificación da relación de postos de traballo do IGC, para logramos unha maior eficacia e operatividade, prestando especial interese á materia de control de mercado, e de maneira prioritaria á rede de alerta de produtos industriais que poidan resultar inseguros para os consumidores.

2. Funcionamento do centro permanente de formación e do plan integral de formación e educación da Escola Galega de Consumo.
3. Convenios de colaboración e cooperación en materia de defensa do consumidor.
4. Realización de campañas informativas en materia de consumo e funcionamento do teléfono gratuito de atención ao consumidor.
5. Adquisición de material, mobiliario e equipamento para a operatividade das distintas unidades, servizos, centro de documentación, centro permanente da Escola de Consumo, laboratorio e demais axentes da rede de defensa do consumidor.
6. Promoción e fomento das organizacións de consumidores, corporacións locais e outras entidades públicas e privadas.

**3. Órgano encargado da súa execución.**

Instituto Galego de Consumo.

**PROGRAMA 521A. REGULACIÓN DO COMERCIO INTERIOR E DA  
POLÍTICA DE PREZOS**

**1. Descrición.**

1. Ordenación e regulamentación do comercio interior.
2. Impulso dos espazos urbanos de uso comercial e outros equipamentos colectivos.
3. Vertebración do comercio no medio rural.
4. Apoio á adecuación das Pemes comerciais o seu contorno competitivo.
5. Incentivación da cooperación empresarial.

**2. Actividades.**

1. Mellora competitiva do comercio polo miúdo.
2. Coordinación da actividade feiral e impulso na optimización dos recursos dos recintos feirais.

3. Fomento do comercio e dos produtos galegos.
4. Actuacións para a modernización e mellora do pequeno comercio no medio rural.
5. Vertebración do comercio urbano e equipamentos comerciais.
6. Estratexias de revitalización comercial e fortalecemento de centros comerciais abertos e eixes.

### 3. Órganos encargados da súa execución.

Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

Delegacións Provinciais.

## **PROGRAMA 651A. ORDENACIÓN, PROMOCIÓN, XESTIÓN E FOMENTO DO TURISMO**

### 1. Descrición.

A Dirección Xeral de Turismo ten como obxectivo fundamental a realización de accións tendentes á promoción, potenciación e difusión do turismo en Galicia. As actividades realizadas nos derradeiros anos motivaron, obxectivamente, polos resultados acadados pola política turística levada a cabo, que a actividade turística se estea a converter nun dos principais sectores produtivos da Comunidade Autónoma Galega.

Partindo dun orzamento homologado coa incorporación da S.A. Xestión do Xacobeo, cun incremento do 3,5% respecto ao exercicio anterior, no ano 2006 Galicia seguirá a posicionarse como un destino turístico de primeira orde o que conleva a necesidade de desenvolver novos proxectos que eviten todo descenso e que, faciliten o seu crecemento medio dun xeito cuantitativo e cualitativo.

## 2. Actividades.

As principais liñas de actuación no vindeiro exercicio orzamentario son:

1. Reforzamento e mellora da promoción de Galicia como destino turístico no mercado nacional e internacional mediante a elaboración dun Plan de márketing estratéxico do turismo (2006-2010) así como desenvolvemento por Turgalicia dunhas medidas de promoción exterior co fin de anovar e cualificar a imaxe turística do país, así como a consolidación de novos mercados emisores emerxentes.

O orzamento destinado a estas accións acada os 15.687.692 € no Cap. VII na aplicación orzamentaria: 740.0.

2. Implementación de programas específicos de fomento de diversas modalidades da actividade turística, mediante accións de reordenación e revalorización da actividade turística no espazo rural, dos recursos culturais das grandes cidades co obxecto de mellorar as posibilidades do turismo urbano, dos programas de actuacións en centros históricos co fin de facilitar a promoción conxunta deles mediante a creación de redes de núcleos cun alto valor patrimonial e do programa de apoio ao sistema turístico do litoral.

O orzamento destinado a estas accións acada a cifra 6.092.580 € no cap. VI dentro das aplicacións orzamentarias: 606.0 e 616.0.

3. Nos convenios de cooperación a celebrar coas universidades porase en marcha un novo Plan de formación co obxecto de dar cumprimento ao Plan Bolonia, mediante accións que tenten a mellora da formación académica regrada.
4. Continuando a cooperación coas corporacións locais, para impulsar a imprescindible colaboración dos concellos galegos no desenvolvemento e mellora do sector , poranse en marcha dous novos plans de dinamización en Ferrol e Ourense.
5. Incrementarase o número de bolseiros nas oficinas turísticas, incluíndo persoal para a tempada de Semana Santa, co obxecto de que nelas se intensifique e mellore a calidade dos servizos de información turística.

6. Proponse establecer unha nova liña de subvencións as festas declaradas de interese turístico para dar a coñecer os distintos pobos e concellos da Comunidade Autónoma galega a través da súa gastronomía ou singularidades que os caracterizan. Os investimentos nas ditas accións considéranse parte do patrimonio inmaterial ou intanxible da Comunidade.
7. Proponse a posibilidade de refundir as liñas de axudas destinadas á turismo rural e turismo termal nunha única liña de subvención denominada Fomento do turismo no medio rural que comprendería a oferta de aldeas rurais, aldeas termais e oferta de ocio complementaria no medio rural.
8. As axudas para a mellora da oferta hostaleira galega (casas rurais, hoteis, cámpings, etc.) refundiríanse nunha única liña de subvención de mellora de infraestruturas turísticas co obxectivo de que as distintas instalacións turísticas da Comunidade Autónoma acaden os distintivos de calidade esixidos.
9. Coa incorporación da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo á Dirección Xeral de Turismo, proxecta realizar o Plan de comunicación e promoción dos camiños, implementar un programa cultural así como continuar a reforzar o programa de infraestruturas ampliando selectivamente a rede de albergues e priorizando dun xeito especial a mellora e recuperación medioambiental e paisaxística.
10. Continúan os incentivos para fomentar a mellora da infraestrutura deportiva golf-naútica a través da mellora tanto dos campos existentes e da creación doutros para conformar una rede propia galega de campos de golf como da mellora dos clubs náuticos.
11. Mantense unha política de apoio ás actuacións de revalorización do patrimonio cultural existente, mediante a intervención en mosteiros, reitorais e recursos patrimoniais de interese turístico. Así como a posta en funcionamento da sinalización “Benvida á Comunidade Autónoma Galega”.
12. Desenvolverase un Plan de creación de oficinas turísticas así como a mellora das oficinas actuais.

**3. Órgano encargado da súa execución.**

Dirección Xeral de Turismo.

4. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

	SERVIZOS							TOTAL
	01	02	03	04	05	06	80	
432A PLAN GALEGO DE INVESTIGACION, DESENVOLVEMENTO E INNOVACION TECNOLÓXICA		56.235,5						56.235,5
432B INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA		29.241,2						29.241,2
441A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA	64,7							64,7
513B ORDENACIÓN, INFORMACIÓN E DEFENSA DO CONSUMIDOR							6.529,4	6.529,4
521A REGULACIÓN DO COMERCIO INTERIOR E DA POLÍTICA DE PREZOS					32.257,6			32.257,6
621A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE INDUSTRIA	4.469,5							4.469,5
622A ACTUACIÓNS ADMINISTRATIVAS SOBRE A INDUSTRIA	6.110,3		6.791,7					12.902,0
631A USO RACIONAL DA ENERXÍA E ENERXÍA RENOVABLE			10.070,0					10.070,0
631B INFRAESTRUTURAS ENERXÉTICAS			13.563,0					13.563,0
641A FOMENTO DA MINARÍA			4.650,0					4.650,0
651A ORDENACIÓN, PROMOCIÓN, XESTIÓN E FOMENTO DO TURISMO						72.546,2		72.546,2
711C APOIO Á ARTESANÍA				3.627,2				3.627,2
712B APOIO Á MODERN.EMPRES. E MELLORA DA COMPET. NOS SECT. INDUST.E DE SERVIC.		23.454,1		40.591,2				64.045,3
<b>TOTAL</b>	<b>10.644,5</b>	<b>108.930,8</b>	<b>35.074,7</b>	<b>44.218,4</b>	<b>32.257,6</b>	<b>72.546,2</b>	<b>6.529,4</b>	<b>310.201,7</b>

(Miles de euros)

## Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

	CAPÍTULOS							TOTAL
	I	II	IV	VI	VII	VIII		
432A PLAN GALEGO DE INVESTIGACION, DESENVOLVEMENTO E INNOVACION TECNOLÓXICA	1.481,3	105,6	5.695,0	3.300,0	43.653,5	2.000,0	56.235,5	
432B INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA			7.898,5	85,6	21.257,1		29.241,2	
441A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA				64,7			64,7	
513B ORDENACIÓN, INFORMACIÓN E DEFENSA DO CONSUMIDOR	3.953,5	484,6	478,0	1.303,3	310,0		6.529,4	
521A REGULACIÓN DO COMERCIO INTERIOR E DA POLÍTICA DE PREZOS	823,5		313,7	2.800,0	22.477,0	5.843,4	32.257,6	
621A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE INDUSTRIA	2.060,5	1.221,5	49,2	1.138,3			4.469,5	
622A ACTUACIÓNS ADMINISTRATIVAS SOBRE A INDUSTRIA	6.674,9	606,0		428,5	5.157,6	35,0	12.902,0	
631A USO RACIONAL DA ENERXÍA E ENERXÍA RENOVABLE			1.850,0	1.060,0	7.160,0		10.070,0	
631B INFRAESTRUTURAS ENERXÉTICAS					13.563,0		13.563,0	
641A FOMENTO DA MINARÍA			200,0	1.250,0	3.200,0		4.650,0	
651A ORDENACIÓN, PROMOCIÓN, XESTIÓN E FOMENTO DO TURISMO	3.425,9		26.816,0	9.032,1	33.272,3		72.546,2	
711C APOIO Á ARTESANÍA			258,1	1.500,0	1.869,0		3.627,2	
712B APOIO Á MODERN.EMPRES. E MELLORA DA COMPET. NOS SECT. INDUST.E DE SERVIC.	1.032,9		1.793,5	9.445,7	51.773,2		64.045,3	
<b>TOTAL</b>	<b>19.452,4</b>	<b>2.417,8</b>	<b>45.352,1</b>	<b>31.408,2</b>	<b>203.692,7</b>	<b>7.878,4</b>	<b>310.201,7</b>	

(Miles de euros)

## Distribución orgánica

<b>01</b>	<b>SECRETARÍA XERAL</b>	<b>2006</b>
Cap. I	Persoal	7.564,8
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	1827,5
Cap. IV	Transferencias correntes	49,2
Cap. VI	Investimentos reais	1203,0
<b>TOTAL</b>		<b>10.644,5</b>

(Miles de euros)

<b>02</b>	<b>D. X. DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVA.</b>	<b>2006</b>
Cap. I	Persoal	1.481,3
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	105,6
Cap. IV	Transferencias correntes	14.669,1
Cap. VI	Investimentos reais	4.107,4
Cap. VII	Transferencias de capital	86.567,4
Cap. VIII	Activos financeiros	2.000,0
<b>TOTAL</b>		<b>108.930,8</b>

(Miles de euros)

<b>03</b>	<b>D. X. DE INDUSTRIA, ENERXÍA E MINAS</b>	<b>2006</b>
Cap. I	Persoal	1.170,6
Cap. IV	Transferencias correntes	2.050,0
Cap. VI	Investimentos reais	2.738,5
Cap. VII	Transferencias de capital	29.080,6
Cap. VIII	Activos financeiros	35,0
<b>TOTAL</b>		<b>35.074,7</b>

(Miles de euros)

<b>04</b>	<b>D. X. DE PROMOCIÓN INDUST E DA SOCIEDADE DA INFOR.</b>	<b>2006</b>
Cap. I	Persoal	1.032,9
Cap. IV	Transferencias correntes	976,1
Cap. VI	Investimentos reais	10.224,0
Cap. VII	Transferencias de capital	31.985,4
<b>TOTAL</b>		<b>44.218,4</b>

(Miles de euros)

<b>05</b>	<b>D. X. DE COMERCIO E CONSUMO</b>	<b>2006</b>
Cap. I	Persoal	823,5
Cap. IV	Transferencias correntes	313,7
Cap. VI	Investimentos reais	2.800,0
Cap. VII	Transferencias de capital	22.477,0
Cap. VIII	Activos financeiros	5.843,4
<b>TOTAL</b>		<b>32.257,6</b>

(Miles de euros)

<b>06</b>	<b>D. X. DE TURISMO</b>	<b>2006</b>
Cap. I	Persoal	3425,9
Cap. IV	Transferencias correntes	26816,0
Cap. VI	Investimentos reais	9032,1
Cap. VII	Transferencias de capital	33272,3
<b>TOTAL</b>		<b>72.546,2</b>

(Miles de euros)

<b>80</b>	<b>INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO</b>	<b>2006</b>
Cap. I	Persoal	3.953,5
Cap. II	Gastos en bens correntes e servizos	484,6
Cap. IV	Transferencias correntes	478,0
Cap. VI	Investimentos reais	1.303,3
Cap. VII	Transferencias de capital	310,0
<b>TOTAL</b>		<b>6.529,4</b>

(Miles de euros)



SERVIZO	2006
01 SECRETARÍA XERAL	10.644,5
02 D. X. DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVA.	108.930,8
03 D. X. DE INDUSTRIA, ENERXÍA E MINAS	35.074,7
04 D. X. DE PROMOCIÓN INDUST E DA SOCIEDADE DA INFOR.	44.218,4
05 D. X. DE COMERCIO E CONSUMO	32.257,6
06 D. X. DE TURISMO	72.546,2
80 INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO	6.529,4
<b>TOTAL</b>	<b>310.201,7</b>

(Miles de euros)

## Consellería e organismo autónomo

	Consellería	Organis. Autónomos	Transfer. Internas	TOTAL CONSOLIDADO
	2006	2006	2006	2006
Cap. I Persoal	15.499,0	3.953,5		19.452,4
Cap. II Gastos en bens Corr. e Serv.	1.933,1	484,6		2.417,8
Cap. IV Transferencias correntes	49.597,2	478,0	4.723,1	45.352,1
OPERACIÓNS CORRENTES	67.029,3	4.916,1	4.723,1	67.222,3
Cap. VI Investimentos reais	30.104,9	1.303,3		31.408,2
Cap. VII Transferencias de capital	204.996,0	310,0	1.613,3	203.692,7
Cap. VIII Activos financeiros	7.878,4			7.878,4
OPERACIÓNS DE CAPITAL	242.979,4	1.613,3	1.613,3	242.979,4
TOTAL BRUTO	310.008,7	6.529,4	6.336,4	
<b>TOTAL CONSOLIDADO</b>	<b>310.008,7</b>	<b>6.529,4</b>	<b>6.336,4</b>	<b>310.201,7</b>

(Miles de euros)

## Sociedades públicas

	2006		
	Explo.	Capit.	TOTAL
GALICIA CALIDADE S.A.	765,0	825,0	1.590,0
INSTIT. ENERXÉTICO DE GALICIA	2.430,0	1.600,0	4.030,0
S.A. CENTRO SUPERCOMPUTACIÓN	1.750,0	476,0	2.226,0
S.A. XESTIÓN XACOBEO	25.252,0	3.120,0	28.372,0
TURGALICIA, S.A.	6.902,0	15.689,0	22.591,0

(Miles de euros)

## Medios persoais

### Consellería

	2006
<i>Altos cargos</i>	11
<i>Persoal funcionario</i>	413
Grupo A	144
Grupo B	55
Grupo C	78
Grupo D	114
Grupo E	22
<i>Persoal laboral</i>	61
Grupo I	2
Grupo II	2
Grupo III	33
Grupo IV	15
Grupo V	9
<i>Outro persoal</i>	10
<b>TOTAL</b>	<b>495</b>

### Instituto Galego de Consumo

	2006
<i>Persoal funcionario</i>	126
Grupo A	25
Grupo B	22
Grupo C	54
Grupo D	20
Grupo E	5
<i>Persoal laboral</i>	15
Grupo I	5
Grupo III	5
Grupo IV	4
Grupo V	1
<b>TOTAL</b>	<b>141</b>